

X&Q

Sandwich Cultural

Breves de cultura

"El imperio eres tú", novela histórica gañadora do **Premio Planeta 2011**, entregado ó escritor español Javier Moro. Nela retrátase a vida de Pedro I de Brasil, que proclamou a independencia do país.

O poeta e músico **Leonard Cohen** foi un dos protagonistas dos **premios Príncipe de Asturias 2011** tras ser galardoado co Premio das Letras polas súas cancións e poemas.

"¿De qué se ríen las hienas?", é o nome da curtametraxe dirixida por **Javier Veiga**, coñecido actor e guionista galego que gañou o Premio Especial do público no "Certame de cine y vídeo Amateur Enkarzine de Zalla" (Bizkaia).

O Catedrático de medicina legal **Ángel Carracedo** recibiu o **premio Fernández-Latorre** na súa LIII edición, "pola súa espléndida traxectoria investigadora".

A escritora **María Xosé Queizán** vén de gañar o **Premio Voz de Liberdade 2011**, outorgado polo Centro Pen de Galicia.

Cualificado como un dos máis importantes escritores vivos en lingua castelá e como un gran referente intelectual e moral na España do século XX, o escritor e economista **José Luis Sampedro**, obtivo o **Premio Nacional das letras 2011**.

Despois dunha longa traxectoria dedicada á lírica, o escritor e creador de linguaxes poéticas propias como a "antipoesía", **Nicanor Parra**, obtivo o **Premio Cervantes 2011**; considerado o galardón máis importante das letras hispánicas.

A nosa Biblioteca

Na nosa biblioteca temos sempre a porta aberta á comunidade educativa para realizar todo tipo de actividades culturais. Quere-mos converternos no corazón do noso centro, nunha sala de lecer, de traballo, de reunión, de lectura... e para iso convocamos concursos de lectura, escritura, formación de usuarios, xogos, exposicións... Non hai cancelas que non poidamos abrir facendo un bo uso da cultura e na biblioteca non só ofrecemos libros, temos tamén todas esas ferramentas que nos poden axudar na busca e no manexo da información. Pero claro, non podemos esquecer algo moi importante, necesitamos ás persoas que fan posible a boa marcha da biblioteca, necesitamosvos a vós: á rapazada, ao profesorado, ao persoal subalterno e ás familias. TODOS formamos parte deste proxecto.



Formación de Usuarios/as

Segundo o ronsel de actividades propostas pola biblioteca, quizás esta sexa das máis gratificantes xa que non só trata de aprenderlles aos recentemente chegados as reviravoltas da nosa biblio, senón que tratamos tamén de achegarlles dun xeito lúdico un sitio que queremos que forme parte da súa educación de agora en diante.

Convocamos ao alumnado de 1º de ESO a unha charla informativa sobre o manexo e busca da información na propia sala ou dende a casa e posteriormente os rapaces e as rapazas participaron nun xogo de localización de fondos e información utilizando todas as ferramentas coas que contamos: a nosa páxina web, o blog, internet, boletíns...

Toda unha experiencia, e para mostra...un botón:

Formación de Usuarios 2011/2012




BIBLIOTECA
DO
IES PONTECESO



Música: Suxestión musical... para o Nadal

CDs de Cohen na biblioteca:



A recomendación que vos suxerimos consiste no cedé de grandes éxitos do polifacético cantautor canadense Leonard Cohen, compositor de temas tan populares como *Suzanne* ou *Hallelujah*. Ademais, este ano otorgóuselle o prestixioso premio Príncipe de Asturias das Letras, insigne galardón que recoñece a súa faceta coma poeta.

Na súa páxina web <http://www.leonardcohen.com/es/oldideas> atoparedes máis información e contidos sobre a súa vida e arte.

*Suzanne takes you down to her place near the river
You can hear the boats go by
You can spend the night beside her
And you know that she's half crazy
But that's why you want to be there
And she feeds you tea and oranges
That come all the way from China*

(Fragmento inicial da canción *Suzanne* de Leonard Cohen)



Debuxo de Leonard Cohen para a súa obra "Libro del anhelo"

Cine

Na biblioteca

A rede social

David Fincher dá a súa imaxe particular de Mark Zuckerberg, o creador de Facebook. O filme é un hipnótico retrato dun home que en calquera outra época quizais sería considerado un tolo ou inútil, pero na era da Internet ten a axilidade mental para transformar unha idea simple nun gran imperio: Facebook. Ao mesmo tempo, a historia afonda nos límites da amizade e no mundo complexo e agresivo dos negocios.

Nos cines

Melancholía

Cando un sae do cine logo de ver *Melancholia* de Lars Von Trier, ou se sente namorado e enfeitizado pola historia e a estética do filme, ou pensa que acaba de perder máis de dúas horas nunha película sen sentido algún. Así é Von Trier, un provocador nato. A historia preséntanos a unha noiva bipolar que o día da súa voda actúa como unha neurótica. Mentres, un planeta chamado Melancholia acércase perigosamente á Terra aínda que os científicos calculan que pasará moi preto, pero non impactará co noso planeta. Quen decida ver esta historia ten que ter claro que non será unha historia máis.

Críticas literarias

O tradutor cleptomano de Dezsó Kosztolányi

A Editorial Rinoceronte continúa coa tradución ao galego de obras clásicas da literatura europea. Neste caso, publica oito relatos do escritor húngaro, Dezsó Kosztolányi (1885-1936), o cal a través dun finísimo humor negro e dunha retranscrición case galega describe a vida centroeuropea de entreguerras. Nas súas historias aparecen personaxes moi variados, desde burgueses acomodados ata soñadores tolos, pero todos eles son retratados a través dunha especial sensibilidade, na cal se fan patentes os medos, soños, aspiracións que acompañan a calquera ser humano ao longo da súa existencia.



Exogamia 3.0

Ramón Caride ofrécenos a través dos seis relatos desta obra unha visión crítica e reflexiva dos camiños da ciencia actual e da súa proxección cara un futuro onde se intensifican os perigos dun uso perverso dos avances tecnolóxicos e científicos. Dende un presente moi próximo onde atopamos situacións crueis de explotación laboral infantil, viaxamos a universos futuristas de crueis cacerías de animais salvaxes nas ruínas de Chernóbil, a recreación da manipulación de xenomas, a popularización e comercialización de pímulas que borran lembranzas negativas, a interesada transformación biomolecular e ata as apostas nun xogo vil sobre as chegadas de inmigrantes en caiucos. A ciencia, os seus límites e a perda de valores humanos son obxecto de debate; todos deberíamos entrar nel.

II Día da ciencia en galego

O pasado 4 de novembro celebrouse o **II Día da Ciencia en Galego**, este ano dedicado á Química. Como moitas outras conmemoracións anuais (Día da Muller, Día contra a violencia de xénero,...) o obxectivo de todos os que traballamos nestas datas sinaladas é velas desaparecer do calendario por innecesarias: algún día deixará de ser necesario reclamar a igualdade das persoas independentemente do sexo, algún día a violencia de xénero pasará á Historia e algún día ninguén dubidará da importancia das linguas, de todas pero especialmente das propias.

Porén, ata que ese día chegue seguiremos dicindo a quen queira escoitar que o galego é unha lingua capaz de transmitir ciencias, arte e sentimentos.

Este ano tivemos a sorte de contar o 4 de novembro cun dos grandes científicos galegos vivos, **Ángel Carracedo**, nunha videoconferencia sobre Xenética forense, un anticipo da charla que poderemos escoitar en directo na semana cultural do vindeiro 2012. Ángel Carracedo dirixiu en Santiago de Compostela un centro punteiro no mundo, o Centro de Xenómica de Galicia, que

traballa en temas tan dispares coma o recoñecemento de restos humanos tras unha catástrofe natural ou na análise da predisposición a sufrir enfermidades coma o cancro.



Os nosos alumnos con Ángel Carracedo nunha visita realizada o ano pasado ao Centro de Xenómica de Galicia onde desenvolve as súas investigacións.



Exhibición de libros de ciencia en galego no instituto

"Unha biblioteca é un conservatorio dos sentidos"

Michelle Petit, antropóloga e escritora francesa



O venres 15 de outubro arrancaron novamente os clubs de lectura do noso instituto. Como cada ano,

Club de lectura

demos a benvida ás lectoras e lectores cunha chocolatada que se celebrou na biblioteca. Este ano, Emma, Gelines, Noemí e Jorge Cea serán os profesores encargados de conducir os clubs.

Os pequenos están a ler *Quen matou a Inmaculada de Silva?*, os medianos *Ollos*



de Auga, e os maiores *Los pilares de la tierra*.

Como vedes lecturas para todos os gustos.



Contra a violencia de xénero e a discriminación sexual

Non coñecemos mellor maneira de loitar contra esta lacra que dende a educación e a implicación do alumnado nunha reflexión conxunta.

Este ano, aparte da típica exposición de obras que abordan a violencia sexista e unha pequena guía de lectura, atopamos un mellor xeito de amosar a nosa repulsa coa elaboración e posterior gravación duns guiños para unhas curtas realizadas na súa totalidade polo alumnado de PDC e PCPI. A presentación de ditas curtas tivo lugar na biblioteca o 25 de novembro, día no que se nos lembra da importancia de denunciar calquera tipo de violencia contra a muller, ben dentro do fogar ou fóra del.



Escenas tiradas das curtas elaboradas polo alumnado de PDC e PCPI



Concurso de lendas da noite de Samaín



No tempo do medo, das cabazas, das historias de mortos e de pantasmas a Biblioteca convocou a todo o alumnado do instituto ao **I Concurso de Lendas de Samaín** que consistiu na realización de pequenas e arrepiantes historias ilustradas por espectrais debuxos. Entre as 20 composicións presentadas, o xurado ditaminou que estas dúas lendas foron as de máis calidade literaria, pero non podemos esquecer a ningún dos participantes, sobre todo os que leron as súas historias nunha “fantasmagórica” biblioteca á luz das candeas.

Pasámolo de medo!!!!

Texto do 1º premio “O Valente de Cubeiro” por Lorena Martínez Lara de 2º B ESO

Hai moitos anos, aló polo 36, a carón da Guerra Civil, na vila mariñeira de Corme, como noutras moitas, os mozos xogaban a ver quen era o máis forte, o máis home, en fin, o que tiña menos medo, e apostaban daquela unha peseta, medio patacón, unha perra, etc. Moi cerca destas datas xuntáronse media dúcia de mozos e decidiron apostar entre todos unha peseta a ver quen era capaz de cravar unha punta na porta do Cubeiro (Cemiterio), tiña que ser a noite de Defuntos ás tres da mañá.

Cinco dos seis mozos negáronse a ir por moi diversas razóns: un, que tiña medo; outro, que lle doía a perna; outro que facía mal tempo, etc. Só un acordou ir, era Xaquín, un mozo que máis que mozo era un neno, pequeno e mal feito, pero tiña-

che moito xenio.


Nesas datas en Corme non había luz e había un temporal de choiva e vento destes de inverno. Foron os seis cara o Cubeiro e os cinco quedaron a 200 metros do Cubeiro, menos Xaquín, que colleu o martelo e as puntas e cara aló foi. Ao chegar á porta do Cubeiro mirou cara dentro e viu as candeas e máis dunha caveira prendidas, pero el só, e estaba pagado de medo, púxose a cravar a punta para gañar a aposta. Pero co silencio da noite e o temporal que caía, os petos do martelo facían moito ruído; el comenzo a ter máis medo, e quería rematar cedo e botarse a correr cara Corme. Así que cravou a punta case sen mirar con tan mala sorte que a cravou na chaqueta que levaba e quedou preso con máis medo aínda.

Tanto medo tiña que comezou a chorar, a poñerse

máis nervioso, e non foi capaz de soltarse, quedando enganchado. Os amigos, oían os seus berros pedindo axuda, nos cales dicía “deixádeme, que non hei de volver a espertaros”, pois para el que o agarraban os defuntos da chaqueta.

Os rapaces marcharon para Corme deixando a Xaquín na porta do Cubeiro ata que veu o día; unhas vellas que ían poñerlles flores aos seus finados atopárono chorando dentro da chaqueta mexando co medo.

Gañar a aposta si que a gañou levando o susto da súa vida e dende aquela foi chamado “o gran Xaquín sen medo”



2º Premio “Relato de Samaín” por Thais Deutsch Márquez de 3º B de ESO

Espertei, sen máis demora. Reparei no reloxo que se atopaba na mesiña. Tic, tac, tic, tac. Deime de conta de que aínda era cedo para erguerme. Tic, tac, tic, tac. Volvín pechar os ollos. Comezábame a vir o sono, e os meus soños volvían á miña cabeza.

Estaba nun lugar ata entón para min descoñecido. Era dunhas cores escuras e nunha penumbra eu adentreime. Non se escoitaba nada de nada, o meu corazón xunto ao meu reloxo ían ao mesmo

tempo. Eu seguía camiñando ata aquela penumbra, descoñecida. De súpeto, sobresalteime ao oír uns pasos, tardei en mirar o dono dos pasos. Era un can, en moi mal estado. O seu cheirume entraba en grandes doses no meu nariz. Miroume cunha mirada desconcertante, coa súa cabeza sinaloume a dirección que debía seguir. Seguino. Sen saber moi ben onde ía. Chegamos a un sitio moi extraño. Alí había alguén. Unha persoa cunha mirada de

horror. Ensinoume os seus brazos. Non tiña mans. Detrás del, aínda había alguén máis. Era unha especie de axudante. Este acercouse a min cunhas tesoiras de grandes dimensións. Estaba decidido a facer algo.. Entón comprendino todo: quería cortarme as mans!!!!!!

Fun cara atrás, intentando que non me vise. Decatouse. Non tiña forma de fuxir. Estalicoume o brazo dereito. Afasteiño con forza. Volveu a estalar. Desta vez non o podía afastar. Agarroume a man con forza e...

Ahhh!!

Espertei, o meu gato cravárame as uñas na miña man dereita. E de novo... tic, tac, tic, tac, o son do reloxo que pensei non volver escoitar.

Todo fora un pesadelo.

